

PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL


2023-2024



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
PLURILINGÜE AS MERCEDES

Praza As Mercedes s/n
32005, Ourense
T. +34 988 68 50 30 | M. +34 693 606 123
cód.Centro 32009165 | CIF Q8255013H
ceip.asmercedes.ourense@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/ceipasmercedesourense





1.XUSTIFICACIÓN

Este proxecto pretende ser de axuda a todos os profesionais que deben enfrontarse con profesionalidade e de maneira continuada a situacións de conflito.

A actual conflitividade nas aulas dos centros educativos é en moitas ocasións descrita, pero non se dan solucións para melloralas polo que debemos pasar das intencións á acción .

Examinamos procesos que debemos coñecer cando se produce o conflito e que accións cremos que poderíamos empregar para iniciar a desescalada ó tempo que tentamos ofrecer ferramentas de tipo práctico para ser aplicadas nun caso en concreto.

A mediación e os conflitos están en profundo cambio, como toda a sociedade. É posible que o que nos valía antes non sirva agora.

A calquera neno coñecer que está actuando de forma correcta vaino a axudar a gañar en tranquilidade e eficacia, manexando mellor os riscos e as consecuencias que ás veces resultan pouco afortunadas.

Pretendemos ser creativos e incorporar recursos e visións novas que sexan eficaces.

Parece que nin o diagnóstico nin a opinión nin a descrición da situación son suficientes para mellorar, debemos traballar dende cada centro. Así, vemos a necesidade de formar equipos institucionalizados que se ocupen de impulsar un clima de convivencia e desenvolver un plan de xestión da mesma. Dito plan



debe estar baseado no diálogo e na colaboración para a prevención e tratamento dos conflitos, contar co respaldo da dirección e situarse baixo a responsabilidade do centro. O Grupo de coordinación e benestar é o encargado de elaborar un plan global de desenvolvemento a través dun conxunto de accións e avaliar os seus resultados.

2. O NOSO COLEXIO

Estamos situados en pleno centro urbano da cidade, Praza das Mercedes, e a escasos metros dos centros de interese turístico máis emblemáticos da mesma (Burgas, Catedral, rúa dos viños, museos, Praza Maior,...). Así mesmo compartimos edificio coa residencia xuvenil Florentino Cuevillas.

DATOS DO CENTRO

CEIP Plurilingüe As Mercedes - Ourense

Praza das Mercedes, S/N

32005 - Ourense

Código centro: 32009165

T. fixo: 988 68 50 30 Móbil: 693 606 123

ceip.asmercedes.ourense@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/ceipasmercedesourense

O noso centro ven funcionando con tres unidades de EI e seis unidades de Educación Primaria.

A ratio, en Educación Infantil é de 20 alumnos por aula nos dous primeiros cursos e de 25 en 6º de infantil e en Educación Primaria excepto nun curso que é de 15 e na maioría de cursos están as prazas cubertas ou con poucas vacantes, aínda que nos últimos anos baixou a matrícula e os cursos de infantil están cunha ocupación menor.



O cadro de profesores está formado por tres profesores-titores de Educación Infantil máis unha mestra de apoio e cinco profesores-titores de Educación Primaria máis un especialista en Francés que exerce como mestre de Educación Primaria, especialistas de Inglés, Música, Educación Física, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Compartimos con outros centros a profesora de Relixión Católica e a Orientadora.

O equipo directivo, dado o número de unidades do centro, está formado polo director, a secretaria e a xefa de estudos.

Do profesorado definitivo no centro hai tres mestres/as de educación primaria cualificado para impartir as materias non lingüísticas en inglés (nivel B2)".

O Centro de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe As Mercedes é un centro de carácter público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O Proxecto Educativo do CEIP Plurilingüe As Mercedes recolle a descrición do ambiente socio-económico-cultural do entorno establecendo que: "O noso centro é un centro urbano da cidade de Ourense, está situado no límite da zona vella coa moderna da cidade, dentro dunha zona peonil con facilidade para o acceso dos alumnos e alumnas. Pola nosa localización temos familias de características moi diferentes, xa que na zona nova viven familias con poder adquisitivo medio-alto e un nivel cultural alto e na zona vella, polo xeral, viven familias con menos recursos.

As familias do alumnado do CEIP Plurilingüe As Mercedes manteñen unha boa relación co centro educativo sendo esta correcta. O CEIP Plurilingüe As Mercedes está adscrito ao IES As Lagoas.

Actualmente temos escolarizados arredor de 150 alumnos e alumnas, a maioría españois, se ben que está aumentando o alumnado procedente doutros países, principalmente de latino América.

Esta situación fai que, de partida, contemos cun problema engadido á hora de normalizar o galego, pois hai que dicir que a maioría do alumnado que ven ao colexio é castelán falante.



Desde hai moitos anos o profesorado do centro está a incluír as novas tecnoloxías na súa práctica docente, especialmente nos últimos anos.

3.NORMATIVA

A lei orgánica de 2/2006, do 3 de maio , será de aplicación nos centros docentes correspondentes ó ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan ensinanzas reguladas na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e nos que cursen estudos persoas de idade.

A lei 4/ 2011 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, sinala no seu artigo 10.1 que o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia. O plan incluírá o principio de igualdade entre homes e mulleres e mediación de conflito e conterá medidas na xestión de conflitos e actuacións preventivas.

Decreto 8 de xaneiro , polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Créase o consello para a Convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia como órgano de carácter consultivo e apoio á comunidade educativo.

No artigo 1º da orde do 23 de agosto establécese a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centro docentes de Galicia, (DOG, 31 /08/23) no seu punto 2º establece que esta orde será de aplicación nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no que cursen estudos os menores de idade.



4. DEREITOS, INFANCIA E PROTECCIÓN EN SITUACIÓNS COTIÁS

A protección á infancia é unha obrigaón dos poderes públicos que aparece amplamente recollida en diversos tratados internacionais, entre os que destaca a Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos do Neno aprobada en 1989 na Asemblea Xeral de Nacións Unidas e actualmente ratificada por todos os países do mundo, agás Estados Unidos, en concreto España ratificou a Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos do Niño no ano 1990 . Este tratado establece no seu artigo 19 que é obrigaón dos Estados Parte adoptar todas as medidas lexislativas, administrativas, sociais e educativas para protexer ós nenos, nenas e adolescentes de calquera forma. . Con todo, e a pesar deste amplo marco normativo, os datos sobre violencia contra a infancia, tanto no noso país como nos países da nosa contorna e tamén a nivel mundial, poñen de manifesto unha situación moi preocupante (OMS, 2020. UNICEF, 2014 e 2021). Trátase dun problema que está moi estendido, que afecta a nenos e nenas de todas as idades, niveis socioeconómicos e culturais, e que se produce nos diferentes contextos nos que ten lugar a súa socialización: tanto nos clásicos como son a familia, a escola, e os iguais; como no máis recentemente xurdido no espazo virtual que ofrecen as tecnoloxías da relación, a información e a comunicación (TRIC) (Save the Children, 2019; UNICEF, 2021). Na Unión Europea máis da cuarta parte das vítimas de trata son menores de idade, sendo a maioría nenas vítimas de explotación sexual con fins comerciais e prevese que 1 de cada 5 nenos e nenas vai ser vítima dalgunha forma de violencia sexual. Ademais, a pandemia, e toda a crise social xerada como consecuencia dela, fixo que aumenten significativamente os niveis de violencia, especialmente no seo das familias o que fai, novamente, que mulleres e nenas sexan as principais vítimas (Comisión



Europea, 2021). Save the Children, nun informe publicado no ano 2018, sinala que en Europa 1 de cada 10 nenos e nenas é maltratado fisicamente polos seus coidadores, 3 de cada 10 o son emocionalmente e 2 de cada 10 é vítima de negligencia (Save the Children, 2018; Stoltenborg, Bakermans-Kranenburg e van Ijzendoorn, 2013; Stoltenborgh, Bakermans-Kramenburg, Alink e van Ijzendoorn, 2015). En España, segundo os datos do Ministerio de Interior, as cifras de violencia contra a infancia sufriron un notable aumento nos últimos anos. Así, por exemplo, mentres que no ano 2017 os delitos de malos tratos na contorna familiar foron 4.240, en 2019 alcanzaron os 5.408 casos. A mesma tendencia obsérvase nos delitos contra a liberdade sexual xa que nese mesmo intervalo temporal pasou de haber 4.542 denuncias a 5.890 (Ministerio de Interior, 2018). Na mesma dirección apuntan os datos do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 quen na súa páxina web "Infancia en Datos" informa dun aumento de casos en tres dos indicadores que se utilizan dentro do apartado denominado vítimas de malos tratos e violencia. En concreto obsérvase un aumento no número de vítimas, entre 2017 e 2019, de delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual que pasa de 4.542 a 5.896. Tamén se produce un aumento, no mesmo intervalo temporal, do número de vítimas de delitos informáticos (ciberdelincuencia) que pasan de 2.647 a 3.243. Así como do número de vítimas de violencia intrafamiliar que pasan de 6.038 en 2017 a 6.827 no ano 2019 (Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030)

É totalmente normal que os nenos presenten conflitos entre eles durante esta etapa vital que é a infancia. Os conflitos, disputas ou discusións son frecuentes nestas idades e ademais, son necesarios para que ós poucos a personalidade e a autodeterminación do neno se vaian construindo.



O feito de ter cada un os seus propios desexos, necesidades e ideas, fai probable este tipo de situacións. Máis aló das mesmas, o importante será que eles mesmos (con soporte do adulto, cando sexa necesario) aprendan a xestionar, tolerar e afrontar este tipo de solucións.

Deben entender que da diversidade de opinións e desexos nacen moitas disputas, e que a importancia de achegar posturas, escoitar e empatizar, son elementos chave para resolver este tipo de conflitos.

A través dos conflitos, os nenos poden aprender novas maneiras de interactuar, de coñecer ao outro e de coñecerse a si mesmos, de escoitar, de empatizar, de abrir a súa mente... Cada conflito será unha oportunidade para eles para crecer e evolucionar.

Ademais, este tipo de situacións ábrenos as portas para traballar con eles diferentes tipos de valores relacionados coa comprensión, a educación a socialización e, por suposto, a xestión de emocións. Doutra banda, permítenos traballar, á súa vez, trastornos de conduta, rixidez mental, asertividade, dificultades na expresión de desexos e necesidades, etc. Con todo, para poder traballar todos estes aspectos, é importante que antes aprendamos a como resolver un conflito entre nenos.



5. A PERSOA ENCARGADO DO BENESTAR E CONVIVENCIA

ORDE de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.
(DOG .31/08/2023)

Artigo 2. persoa coordinadora de benestar e convivencia

A persoa coordinadora de benestar e convivencia será designada pola la dirección do centro de entre o profesorado do claustro, preferentemente con destino definitivo, por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria.

Trabállase en coordinación co equipo directivo e baixo a súa supervisión

Artigo 3 . Funcións do coordinador de convivencia e Benestar

a)Actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro.

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, polo cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou no súa contorna.



- Informar ó persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade o na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ó persoal que traballa nos centros educativos como ó alumnado e as súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ó persoal do centro que actúa como titor/a e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ó alumnado, especialmente ó máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, a realizar



no centro e dende a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.

- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicárllelo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas y asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e benestar.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada. (Centrada na promoción e deseño de actividades relacionadas coa alimentación saudable e a actividade física no CEIP Plurilingüe As Mercedes).
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos. (Centrada no coñecemento e defensa da protección de datos da comunidade educativa do CEIP Plurilingüe As Mercedes).

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais



-Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

6. MODELO INTEGRADO

É o modelo que propomos para orientar a forma de previr e abordar os conflitos, porque recolle os aspectos máis valiosos doutros modelos(punitivo e relacional) . Búscase unha relación directa entre as persoas en conflito baixo a responsabilidade do centro, é dicir, diálogo entre as partes e aplicación de normas e sancións. Segundo isto, o centro conta cunha normativa que inclúe a posibilidade de acudir a un sistema de diálogo e colaboración (en xeral, e en particular a través do grupo de tratamento de conflitos), sempre lexitimado polo centro.

Este modelo concibe o conflito como un feito natural na convivencia, nin malo nin bo en si mesmo. É a maneira de abordalo a que permite un ambiente de relacións tranquilo e un uso educativo do conflito.

O concepto de autoridade refórzase, e faise máis sólido, porque se conxugan criterios prácticos, teóricos e éticos, e sobre a decisión final dun terceiro cobran protagonismo as partes. A comunidade educativa é consciente de que se humaniza o regulamento e a súa aplicación, de que o centro é un axente activo e responsable, no só da convivencia, senón da disciplina.

O modelo integrado tamén presenta limitacións, pero está máis ó noso alcance superalas: esixe apoio administrativo, equipos formados en tratamento de conflitos, planes globais.



O plan pretende crear no centro un clima de relacións e de convivencia baseado no respecto, o diálogo e a colaboración. Este enfoque inscríbese no modelo integrado de xestión da convivencia, no cal se sustenta o estilo que propoñemos para previr e abordar os conflitos: relación respectuosa e pacífica entre as partes en conflito, pero baixo a responsabilidade do centro, é dicir, diálogo e colaboración entre as partes, compatible co respecto ás normas e coa aplicación de sancións

7.OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO

- Impulsar as accións recollidas no resto dos apartados.
- Atender a calquera persoa do centro que o solicite a través de entrevistas educativas ou orientadoras, indicadas para problemas persoais, de relación, académicos ou disciplinarios que non se resolvesen por outras vías.
- Acoller a novos alumnos que van chegando ao longo do curso para facilitar a súa integración. Un grupo voluntario de profesores, coordinado pola coordinadora de Benestar ocuparase desta acollida segundo un protocolo elaborado respecto diso.
- Facer uso da mediación como unha posibilidade de que dúas partes en conflito resólvano por si mesmas coa axuda dun terceiro neutral.



Co alumnado

- Informar sobre o traballo do grupo, difundindo no centro a través de paneis e trípticos informativos.
- Traballar en clase de titoría nalgúñas áreas contidos relacionados cos conflitos.
- Previr os conflitos nas súas aulas, detectalos e axudar a resolvelos realizando mediacións espontáneas, apoiando a compañeiros novos, escoitando a outros que o están pasando mal, sendo portavoces entre o grupo e un profesor, ou buscando axuda do equipo de convivencia cando no poidan ou non saiban como actuar.

8.TIPOS DE ACTUACIÓNS

8.1. A entrevista educativa

Trátase dunha entrevista orientadora, no sentido de que pretende dirixir un proceso segundo o cal poidamos chegar a acordos de actuación, respectando sempre o protagonismo do entrevistado. O procedemento consiste nunha análise de datos e unha toma de decisións reflexiva. Non se trata, pois, de que o entrevistador exprese que debe facer o entrevistado.

Desenvolvemento

Escoita activa

"Cóntame, que pasa con...?" Aclarar feitos e circunstancias: "Dende cando?", "Cando ocorre con máis frecuencia?", "Como se produce?", "Por que?", "Cantas veces?"...



Reflexo de sentimentos: "Como te sentes cando...?", "Como cres que se sente o outro?", "Por que cres que actuou así?", "Que é o que máis te molesta ou che doe?"...

Separar o feito da persoa: "Que máis cousas che molestan de el?", "o sea, que dil só ten molesta..., por lo demais non tes nada na contra del".

Necesidades: "Que necesitas?", "Con que te quedarías satisfeito?"

Resume para ordenar e resaltar o relevante.

Cerre: Queres engadir algo máis?

-Busca e análise de solucións

"Que se che ocorre para solucionaralo?" (Quen escoita pode aportar suxestións).

Analizaranse as posibilidades de cada solución, tendo en conta en cada unha se é viable, se vai a ser útil e xusta, así coma se o alumno se sente capaz de levala á práctica.

Estas son algunhas das suxestións que podemos aportar:

- Cando me chama a atención o profesor ou me enfado con alguén, expiro, espero e penso cando e como vou a dicir o que me molestou.
- Cando necesito que me atendan e non poden, obrígame a esperar con paciencia sen protestar.
- Intento entender o outro, poñéndome no seu su lugar.



- Cando me aburro ou me canso de traballar, deixo de atender ou de traballar durante unha miga, quédome sen facer nada, pero non despisto a ninguén. Cando descanse, volvo a atender ou a traballar.

Pече

Faremos explícitas as conclusións e anotarémolas antes de rematar a sesión. O resto dos datos pódense anotar con posterioridade.

Seguimento

Trala entrevista, quen atende o caso recollerá a súa intervención nun informe tipo, que, se ten que ver con problemas de disciplina, pasarase a información relevante á Xefatura de Estudos. Tamén se informará ó titor ou a quen corresponda sobre a intervención que se está a realizar.

Valorarase que técnicas convén traballar co alumno para facilitar os seus propósitos (mensaxes en 1ª persoa, empatía, paciencia, distinguir os feitos da persoa, escoita activa, control dos enfados...). Proporémolles ir pondo en práctica o pensamento reflexivo e as habilidades sociais, citándoo para sesións posteriores, que servirán tamén como seguimento do caso.

O caso pecharase cando se crea conveniente, deixando aberta a posibilidade de recomenzar o contacto se fose necesario. Pecharase definitivamente cando o alumno non queira continuar, cando non acepte o adestramento nas habilidades necesarias, cando non modifica a súa conduta despois de varias sesións, no caso de que non vexamos efecto positivo na nosa intervención...



Ficha de reflexión

ALUMNO/A.....GRUPO.....

LUGAR DOS FEITOS.....

DATA.....HORA.....MESTRE/MESTRA.....

Que pasou? Conta os feitos de maneira obxectiva, sen valoracións nin críticas.
Que, como, cando e con quen pasou?

Por que actuaches así? Causas da túa actuación?

Como te sentiches?



Como cres que se sentiron os demais ?

Que consecuencias tiveron os teus actos ?

De que outra maneira podías actuar?

Podes facer algunha cousa para compensar o que fixeches evitar que volva a pasar?

Data e sinatura do alumno



8.2. Acollida a alumnos que chegan ao longo do curso

Cada vez é maior a frecuencia con que chegan ao colexio alumnos doutras localidades, comunidades ou países unha vez comezado o curso, cando os grupos nos que se insiren xa se configuraron coas súas propias características e xa iniciaron unha dinámica de traballo. Ao longo do curso seguen chegando alumnos novos, mesmo no terceiro trimestre. A sensación máis frecuente do alumnado nesta situación é de desorientación e de distintos medos, entre eles ao illamento ou ao rexeitamento. Adóitaselle dar a información urxente para que saiba onde ten que ir e atendémolo entre as présas do quefacer diario. Se engadimos ao anterior o feito de que en xeral estes alumnos xa traen consigo unha historia persoal complicada, reunimos demasiados factores para que se xeren conflitos, tanto intrapersonais como interpersoais e de adaptación. Atender o alumnado nestas circunstancias con tempo e dedicación, ofrecéndolle confianza e seguridade, buscando compañeiros que o apoién dentro do seu grupo, é unha forma de posibilitar que as persoas sintan que caben na institución e, por tanto, de previr conflitos.

Cando solicitamos a comezo de curso a colaboración do profesorado nalgúns tarefas do equipo, esta foi a que maior interese espertou, probablemente porque o profesorado é moi sensible ao malestar que observamos nestes casos. Se contamos cun grupo de profesores que reciban o alumnado novo, poderemos facer unha acollida tranquila, con tempo e con todos os elementos necesarios para axudalo a situarse. Este grupo de profesores, coordinado por un membro do GTC, elaborou un protocolo de atención a alumnos/as novos/as, tendo en conta tamén as achegas do persoal de administración e servizos, fundamental para unha recepción adecuada. O profesor que atende a un



alumno nesta situación será a súa referencia durante o tempo necesario para que se sitúe no seu grupo e no centro.

8.3. A MEDIACIÓN

A mediación no marco da resolución de conflitos

A mediación é un modo formal e elaborado de negociación que serve en determinados casos para transformar positivamente un conflito entre dúas partes. Moitas veces é un sistema complementario a outras intervencións. Non hai que considerala só en sentido finalista, é dicir, como procura dunha resolución definitiva dun conflito, senón como un proceso que permite tomar decisións apropiadas para a súa idade, como elixir a súa roupa ou decidir sobre actividades recreativas . O conflito pódese resolver ou non, pero a través da mediación cambia a relación entre as partes e, sobre todo, quen participa nela aprende que serve para aclarar conflitos e chegar a acordos, e pódese proxectar a situacións novas.

Contribúe a fomentar o diálogo e a colaboración como estilos para resolver conflitos, e iso xa é moito. A mediación transforma situacións que non resolve o método sancionador, aínda que non todas; nin sequera está indicada para todos os conflitos. O que se gaña respecto ás sancións é precisamente o seu valor educativo.

8.4. pautas para axudar a resolver un conflito entre nenos

Como resolver un conflito entre nenos? Aquí veremos varias pautas para facelo.



Trátase de estratexias, técnicas e ferramentas psicoeducativas que poderá aplicar o adulto para favorecer esta resolución de conflitos, pero que finalmente poden integrar os nenos e aplicar de maneira autónoma no seu día a día. É dicir, aquí a figura do adulto será máis de modelo/mentor e de acompañamento, pero o traballo terano que facer os nenos. Loxicamente, dependendo da idade destes (e do seu nivel madurativo) poderemos adaptar estas pautas a unha metodoloxía ou outra.

A. Identificar o problema

Que é o que ocorreu? É importante que eles mesmos poidan verbalizar que é o que ocorreu, e poidan poñerse de acordo na versión dos feitos.

Se non pode conseguirse isto, polo menos que expliquen cada un que cre que pasou, como se sentiu, etc. Identificar o problema de base é a primeira clave sobre como resolver un conflito entre nenos.

B. Ofrecer un espazo para que se expresen

En liña do anterior, outra idea clave sobre como resolver un conflito entre nenos é ofrecer un espazo de expresión emocional. É dicir, debemos darlles espazo suficiente para que expresen como se sentiron no momento do conflito e como se están sentindo neste momento.

Como lle fixo sentir a outra persoa? Cre que actuou ben? E el mesmo, actuou ben? Aquí será importante tamén que o/a outro/a neno/a o escoite (que se escoiten mutuamente sen interromperse).

C. Fomentar a comprensión mutua



Será importante que ademais de escoitarse entre eles, os nenos poidan poñer en práctica a empatía e chegarse a entender mutuamente. Se a priori non poden entenderse, polo menos que o tenten.

Para iso o adulto poderá intervir ofrecendo explicacións sobre por que actuou desta maneira ou outra cada un deles. Se non chega a producirse unha comprensión absoluta do comportamento do outro, polo menos que exista o respecto entre ambos.

D. Buscar solucións conxuntas

Outra idea clave sobre como resolver un conflito entre nenos é axudalos a que busquen solucións conxuntas. É dicir, cada un pode achegar posibles solucións ao conflito, pero o interesante sería tamén que chegasen a unha solución conxunta (por exemplo a través dunha choiva de ideas).

Aquí o adulto tamén pode intervir e acompañar. Será un bo momento, ademais, para "sacarlle ferro" ao asunto (se non foi un conflito grave) e para achegar posturas, relativizar, etc.

E. Ensinarlles a manexar as emocións

A educación emocional é un factor chave que nos permitirá axudar os nosos fillos (e os nosos alumnos, familiares, pacientes etc.) na súa xestión emocional. As emocións e, especialmente as emocións intensas (como a rabia, a ira...) poden levarnos a cometer accións impulsivas, pouco acertadas ou que causen dano aos demais.

É por iso que debemos practicar co exemplo e mostrarlles maneiras alternativas de actuar (evitando pegar, gritar, autolesionarse...). Condutas



alternativas a iso poden ser: reflexionar antes de falar ou de gritar e pegar, falar con calma, respirar antes de actuar, poñerse no lugar do outro, manter o calma, etc.

F. Fomentar a negociación

Outro punto chave que nos permitirá traballar como resolver un conflito entre nenos é fomentar a negociación entre ambos. Sería un punto similar ao de buscar solucións conxuntas, aínda que non o mesmo.

Aquí trátase de fomentar unha especie de "trato" que inclúa a comprensión do que sucedeu e unha pauta para actuar a partir de agora: por exemplo, repartirse as quendas para ver a tele, non molestar o outro cando estea tranquilo, escoitalo antes de falar, etc. Neste sentido, debemos transmitirles a importancia de ser flexibles e abertos co outro, e o ben que poden chegar a sentirse chegando a un acordo que logo deberán respectar.

G. Pedir desculpas en caso necesario

Está moi ben que os nenos poidan chegar a acordos, negociar, escoitarse mutuamente... Pero ás veces, cando un dos dous actuou mal (ou máis dun), é importante que poida desculpase e ser consciente da gravidade e/ou as consecuencias dos seus actos.

É por iso que debemos transmitir a importancia do perdón e do arrepentimento, e que poidan verbalizar ese perdón. O obxectivo é que o expresen de forma sincera, non "porque lles estamos obrigando". "Equivocarse é de humanos, pero rectificar é de sabios."

H. Realizar un seguimento da situación



Pode ser que a situación consista nun conflito puntual, ou pode ser tamén que se trate de conflitos recorrentes entre os mesmos nenos. É importante detectar este tipo de dinámicas no caso de que existan, e actuar en consecuencia.

Desta maneira, realizar un seguimento da situación converterase noutro factor chave sobre como resolver un conflito entre nenos, neste caso, enfocado a previr posibles conflitos ou discusións.

Isto podémolo facer de diferentes maneiras (dependendo tamén de se actuamos como mestres, educadores, terapeutas, pais...), pero o importante será observar e ir tomando nota da relación entre esas persoas.

9. AVALIACIÓN

1. A avaliación do plan estratéxico realizarase mediante a valoración da consecución dos citados indicadores e obxectivos ao remate do curso escolar, coas achegas do Consello Escolar e o resto da comunidade educativa do CEIP As Mercedes.
2. Elaborarase unha memoria sobre o desenvolvemento das actuacións contempladas no plan, así como a oportuna rendición de contas sobre o gasto executado.



10. SEGUIMIENTO, MODIFICACIÓN E DIVULGACIÓN DO PLAN.

10.1.Seguimento.

A execución do plan, o grao de realización e a valoración das actuacións previstas, revisarase periodicamente ao longo do proceso, así como as incidencias que poidan dificultar dito proceso.

Levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Verificación da implantación e desenvolvemento correcto do plan.
- Determinación das liñas de traballo a seguir.
- Deseño, planificación e organización do proceso de avaliación do plan.
- Análise e valoración das propostas recollidas e necesarias para garantir a consecución dos seus obxectivos e liñas estratéxicas.
- Determinación e execución de propostas de mellora en relación co desenvolvemento e execución do plan.

10.2.Modificación.

A execución do plan, o grao de realización e valoración das actuacións previstas, revisarase periodicamente ao longo do proceso, así como as incidencias que poidan dificultar dito proceso. No caso de que fose necesario realizaranse os axustes e/ou modificacións oportunas.

Poderanse realizar as modificacións que se consideren necesarias por iniciativa do Equipo Directivo, do Claustro ou do Consello Escolar ou do coordinador/a de benestar emocional e de convivencia.



10.3.Divulgación.

O presente Plan de benestar emocional e de convivencia é de obrigado cumprimento por parte de todos os membros da comunidade escolar deste centro.

O CEIP As Mercedes divulgará este documento por diferentes medios entre a comunidade educativa, facilitando o seu coñecemento por parte de todos.

O Equipo Directivo será o encargado de difundilo a través da súa publicación na páxina web do centro e por correo electrónico ó profesorado e á inspección educativa.

11. APROBACIÓN DO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA.

O presente Plan de benestar e convivencia do CEIP Plurilingüe As Mercedes para os curso académico 2023/2024, foi presentado e aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar do CEIP Plurilingüe As MERCEDES de Ourense na reunión que **se celebrou o 23 de xaneiro do 2024**, do que como Secretaria dou fe.